

Exp: 316
ID: 110




CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfno. 29 00 00

Data	08/07/1996	Referencia	Exp. 316	Destinatario	
Asunto	Resolución de expediente de calificación de monte veciñal en man común.			Sr. Xefe do Servizo de Montes e I.F.	



Aos efectos oportunos poño no seu coñecemento a Resolución do expediente de calificación nº 316 do monte "Liñares", do lugar de Liñares, parroquia de Maroñas, concello de Carballo, segundo o acordo deste Xurado na súa reunión de data 8 de xullo de 1996:

"Reunido na data 8 de xullo de 1996 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña, baixo a Presidencia do Ilmo. Sr. Delegado da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, D. Rogelio Aramburu Núñez, coa asistencia do Vicepresidente Ilmo. Sr. D. Angel Barallo Sánchez, Maxistrado da Audiencia Provincial de A Coruña, os Vocais, D. Federico Sánchez Rodríguez, Xefe do Servizo de Montes e I.F., D. Ramón Olano Calleja, Letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados de A Coruña e do Secretario D. Manuel Puente Araújo, Letrado da citada Delegación. O vocal D. José Manuel Caramés Franco, representante das Comunidades Veciñais de Montes en Man Común xustificou a súa ausencia por motivos laborais. Reunidos nesta data para estudar e resolve-lo

Expediente nº 316
Monte: Liñares
Lugar: Liñares
Parroquia: Maroñas
Concello: Mazaricos

1º RESULTANDO que diversos veciños do lugar de Liñares, parroquia de Maroñas, concello de Mazaricos, solicitaron con data 25/05/1994 deste Xurado, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A. C. O. R. U. Ñ. A. - Tfnos. 18 59 02 - 18 59 03

Superficie: 17 Ha.
Lindeiros:

É parte do monte "Santa Mariña", nº 103-L do C.U.P.

NORTE: Desde o piquete nº 76, seguindo a orde de piquetes ata o nº 78 do deslinde do monte "Santa Mariña", con propiedades particulares de veciños de Liñares.

LESTE: Desde o piquete nº 78 ao nº 83 con propiedades particulares de veciños de Liñares. Do nº 83 ao 85 coa estrada de Sta. Comba a Muros.

SUR: Desde o piquete nº 85 ao nº 92 con propiedades particulares dos veciños de Corbeira, na parroquia de Eirón.

OESTE: Desde o piquete nº 92 ao nº 96, con propiedades particulares dos veciños de Foxas, polo camiño que vai desde Foxas de Abaixo ata a estrada de Sta. Comba a Muros. Desde o piquete nº 96 ao nº 76 co mesmo monte Sta. Mariña dos veciños de Foxas, seguindo o camiño anteriormente citado.

2º RESULTANDO que á vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión de 28/06/1994, acordou iniciarlo oportuno expediente nomeándose como Instructor do mesmo a D. Ramón Olano Calleja, quen aceptou expresamente dito cargo. Procedéuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oíndose a tódalas persoas, Organismos e Corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Mazaricos, ao Xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 214 de 08/11/1995), taboleiro de anuncios do Concello e lugares de costume.

3º RESULTANDO que os veciños de Liñares fundamentan a súa petición ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común no aproveitamento desde tempos inmemoriais de forma consuetudinaria, en réxime de comunidade e sin asinación de cotas, segundo os usos e costumes, no monte correspondente a dito lugar. Presentan copia de escritura de asinación de cupos correspondente ao citado lugar, así como acreditación da orixe foral do monte.

Tal petición é informada favorablemente polo acordo do Pleno do Concello de Mazaricos de data 25/02/1994.

4º RESULTANDO que ante o presente expediente foi formulada por Dª Mª Clementina e Dª Prudencia Ferradas Fernández unha reclamación, alegando a condición de donas y posuidoras de

varias fincas situadas no monte que se pretende declarar. As citadas fincas se encontran inscritas no Rexistro da Propiedade.

5º RESULTANDO que na tramitación das presentes actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92 de 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de Procedemento Administrativo e demais disposicións aplicables no caso.

Celebrada sesión no día de hoxe, á que foron citados en legal forma tódolos interesados no expediente, compareceu e oíuse á representación dos promotores do mesmo, os cales se ratifican na súa solicitude. Non o fixo a representación de D^a Prudencia e D^a Clementina Ferradás, se ben presentan escrito no que se ratifican no manifestado anteriormente no expediente.

VISTOS os preceptos das disposicións citadas e demais de xeral aplicación.

1º CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de A Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer do presente expediente en virtude do disposto nos arts. 9 e 10 da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 13/89 de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común.

2º CONSIDERANDO que en conformidade co contido do art. 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, de 4 de setembro, os veciños de Liñares, parroquia de Maroñas, concello de Mazaricos, son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º CONSIDERANDO que o Xurado, á vista dos dereitos alegados por D^a M^a Clementina e D^a Prudencia Ferradas Fernández, estima que o plantexado é cuestión relativa ao dominio das citadas fincas, da competencia dos Tribunais da Xurisdicción Ordinaria, a sustanciar polos trámites do xuízo declarativo ordinario que corresponda.



CONSELLERIA DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples - Monelos - A CORUÑA - Tfños. 18 59 02 - 18 59 03

4º CONSIDERANDO que o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sin asinación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con "casa aberta" dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (arts. 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento de 4 de setembro de 1992).

5º CONSIDERANDO que das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do que se expresa no 3º Resultando, dedúcese de forma indiscutible que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á Comunidade Veciñal de Liñares, parroquia de Maroñas, no que se cumpren os aludidos requisitos.

Por iso, este Xurado á vista dos antecedentes e Fundamentos de Dereito expostos, nesta data.

ACORDA calificar como Monte Veciñal en Man Común da Comunidade Veciñal do lugar de Liñares, parroquia de Maroñas, concello de Mazaricos, o denominado Monte "Liñares", cos lindeiros, superficie e características que figuran no primeiro Resultando, excluíndose de tal calificación aquelas parcelas sobre as que formularon alegación Dã Mã Clementina e Dã Prudencia Ferradas Fernández, que permanecerán coa condición que teñen na actualidade. Asimismo acórdase excluí-lo declarado, do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Agricultura, Gandería e Montes de A Coruña".

A Coruña, 8 de julio 1996

Vº e Pr.
O PRESIDENTE,

Asdo. Rogelio Aramburu Núñez

O SECRETARIO DO XURADO,

Asdo. Manuel Puente Araújo




C-2135 "SANTA MARINA"	PARCELA I	PARCELA I-A	PARCELA II
C-2135-1 "ARO Y PIEDRA DE..."	21.1167 ha	3.6800 ha
C-2135-3 "LINARES"	27.3500 ha
MVMC "FOXAS"	17,00 ha
	48,20 ha
TOTAL PÚBLICA	48,4667 ha	3,6800 ha	65,2000 ha

Datos revisados en julio de 2007

**DESLINDE TOTAL DEL MONTE
SANTA MARINA Nº 103-L DEL C.U.P.
PARROQUIA DE SANTA MARINA DE MAROÑAS
AYUNTAMIENTO DE MAZARICOS**

ESCALA 1:5000



CABIDA TOTAL	122,3000 ha	Superficie excluida en cumplimiento de sentencia nº 129/09 (Decreto de homologación según orden 20-4-04 (DOG 24-5-04) S = 2.9729 ha
Enclavados A Y B (parcelas 4 y 13)	0,2398 ha	
Excluida (parcelas 1, 2, 3, 6, 7, 8, 10 y 12)	2,6831 ha	S = 2.9729 ha
Excluida (parcelas 5 y 11)	2,0304 ha	Superficie excluida en cumplimiento de sentencia nº 00342/1993 (DOG 27-09-2007)
CABIDA PÚBLICA	117,3467 ha	

Nº	PARCELA	SUPERFICIE
1	PRADO BELLO	0,1415 ha
2	PRADO DAS RENDAS	0,3979 ha
3	CHAN DAS PONTILLAS	0,3875 ha
4	FONTE DAS CRUCES (Enclavado A)	0,1450 ha
5	PALLAGUEIRA DE SANTO TOMÉ	1,2023 ha
6	ESTIVADA DA CAPILLA	0,2652 ha
7	CAMPO DOS FONSOS	0,4841 ha
8	SONS ROMAS	0,2118 ha
9	ARRIBA DOS PRADOS	0,3297 ha
10	LAXINAS	0,3502 ha
11	CABEZA DE CANLE	0,4984 ha
12	PEDROLIZOS	0,4449 ha
13	TRAS CADELARÍA (Enclavado B)	0,0948 ha
TOTAL		4,9533 ha

NOTA: Los números entre paréntesis que figuran en la parte I corresponden al deslinde del monte ARO nº103-B del C.U.P.

LA CORUÑA, ENERO DE 1962
EL INGENIERO OPERADOR